

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

4047 *Orde FOM/616/2013, do 12 de abril, pola que se crea e se regula o Rexistro Electrónico Nacional do Servizo Europeo de Telepeaxe en España.*

Con data do 6 de outubro de 2009, a Comisión Europea adoptou a Decisión 2009/750/CE, relativa á definición do servizo europeo de telepeaxe e os seus elementos técnicos, pola que se desenvolve a Directiva 2004/52/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativa á interoperabilidade dos sistemas de telepeaxe das estradas da comunidade, que foi trasposta ao ordenamento xurídico español en virtude do Real decreto 94/2006, do 3 de febreiro, polo que se regula a interoperabilidade dos sistemas de telepeaxe instalados nas estradas estatais.

A decisión citada establece no seu artigo 3 que os provedores do servizo europeo de telepeaxe deberán solicitar o rexistro nun Estado membro en que estean establecidos e recolle unha serie de requisitos que deben cumprir para ser inscritos. Por outra parte, o seu artigo 19 dispón a obriga de cada Estado membro de establecer e manter actualizado un rexistro electrónico nacional que conteña a información relativa tanto aos dominios existentes no seu territorio en que estea dispoñible o servizo europeo de telepeaxe, como aos provedores nacionais do dito servizo.

Esta orde dítase co obxectivo de establecer a normativa necesaria para a creación e o funcionamento do Rexistro Electrónico Nacional do Servizo Europeo de Telepeaxe en España.

De acordo co establecido na decisión da Comisión Europea, así como cos principios de accesibilidade e dispoñibilidade que informan a Administración electrónica, o rexistro e a súa operativa artículanse sobre procedementos telemáticos que facilitarán o seu funcionamento e utilización xeral.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto crear e regular o Rexistro Electrónico Nacional do Servizo Europeo de Telepeaxe en España.

Artigo 2. *Creación do Rexistro Electrónico Nacional do Servizo Europeo de Telepeaxe en España e réxime organizativo.*

1. Créase o Rexistro Electrónico Nacional do Servizo Europeo de Telepeaxe (SET) en España. Este rexistro depende do Ministerio de Fomento, a través da Dirección Xeral de Estradas, e estará a cargo da Subdirección Xeral de Explotación e Xestión de Rede.

2. O rexistro terá carácter electrónico. Faranse constar nese formato os datos que se deban incorporar a el, así como, de ser o caso, a dixitalización dos documentos en soporte papel en que consten.

3. Deberanse adoptar as medidas necesarias para evitar a alteración dos datos inscritos no rexistro, así como a súa manipulación indebida unha vez que fosen incorporados.

4. Os datos do rexistro serán accesibles publicamente a través de medios electrónicos. A sede electrónica do Ministerio de Fomento informará sobre a forma de acceso aos datos do rexistro por parte de calquera usuario.

Dado o carácter público do rexistro, a presentación dunha solicitude de inscrición leva implícita a autorización para a consulta pública dos datos que, de ser o caso, se inscriban, consulta que poderá ser efectuada nos casos, formas e termos establecidos no artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nas normas que o desenvolvan.

Artigo 3. *Contido.*

1. O Rexistro Electrónico Nacional do Servizo Europeo de Telepeaxe en España disporá de dúas partes diferenciadas:

- a) Os dominios situados dentro do territorio nacional en que estea dispoñible o servizo europeo de telepeaxe, que conterá os datos que se especifican no artigo 8.
- b) Os provedores do servizo europeo de telepeaxe aos cales se lles concedese a inscrición conforme o disposto no artigo 3 da Decisión 2009/750/CE da Comisión, do 6 de outubro, que conterá os datos que se recollen no artigo 9.

Artigo 4. *Inscrición dos provedores do servizo europeo de telepeaxe aos cales se lles concedese a inscrición en España.*

1. As persoas xurídicas nacionais ou estranxeiras establecidas legalmente en España e que dispoñan dunha sede dentro do territorio nacional solicitarán a inscrición no Rexistro Electrónico Nacional do Servizo Europeo de Telepeaxe se, de acordo co disposto no artigo 3 da Decisión 2009/750/CE da Comisión, do 6 de outubro, desexan adquirir a condición de provedor do servizo europeo de telepeaxe.

A solicitude efectuaraa o representante legal da entidade na unidade encargada do rexistro, polo menos con dous meses de antelación á data prevista para o comezo da prestación dos seus servizos en territorio español, por calquera dos medios establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

A capacidade financeira deberase acreditar mediante as contas anuais presentadas no rexistro mercantil e mediante declaracións emitidas por entidades financeiras en relación coa solvencia económica do interesado.

A capacidade técnica deberase acreditar mediante a achega da documentación indicada na letra b) do artigo 9.

2. A inscrición dos provedores do servizo europeo de telepeaxe será efectuada pola unidade encargada do rexistro a partir da verificación do cumprimento por parte daqueles dos requisitos previstos no artigo 3 da Decisión 2009/750/CE da Comisión, do 6 de outubro.

Artigo 5. *Inscrición dos datos correspondentes aos dominios do servizo europeo de telepeaxe en España.*

1. Solicitarán a inscrición no Rexistro Electrónico Nacional do Servizo Europeo de Telepeaxe as persoas xurídicas, nacionais ou estranxeiras, establecidas legalmente no territorio nacional que teñan a condición de perceptores de peaxes en dominios do servizo europeo de telepeaxe situados en España.

A solicitude efectuaraa o representante legal da entidade perceptora ante a unidade encargada do rexistro. No caso dos dominios nos cales xa se perciban peaxes telematicamente, a solicitude levarase a cabo no prazo dun mes desde a entrada en vigor desta orde e, no caso de novos dominios en que se vaian percibir tales peaxes, polo menos cun mes de antelación á data en que o aboamento da peaxe sexa obrigatorio para os usuarios e a súa percepción se poida efectuar mediante telepeaxe.

2. A inscrición dos dominios do servizo europeo de telepeaxe efectuarase por instancia dos correspondentes perceptores de peaxes e levaraa a cabo a unidade

encargada do rexistro tomando como base os documentos presentados por aqueles, axustados ao formato previsto no artigo 7.

Artigo 6. *Exactitude da información.*

Os datos rexistrados de cada un dos dominios do servizo europeo de telepeaxe en España deberán corresponder fielmente coas circunstancias dos perceptores da peaxe e dos correspondentes dominios, e aqueles serán responsables da súa veracidade na incorporación ao Rexistro Electrónico Nacional do Servizo Europeo de Telepeaxe.

Así mesmo, os datos rexistrados dos provedores do servizo europeo de telepeaxe a que se refire o artigo 4 deberán corresponder fielmente coas circunstancias de cada un deles, e aqueles serán responsables da súa veracidade na incorporación ao Rexistro Electrónico Nacional do Servizo Europeo de Telepeaxe.

Tanto os perceptores de peaxes inscritos no Rexistro Electrónico Nacional do Servizo Europeo de Telepeaxe coma os provedores do servizo europeo de telepeaxe comunicarán inmediatamente ao rexistro calquera variación que se produza en relación cos seus datos rexistrados, no mesmo soporte e formato dos datos que se pretenda actualizar, co fin de mantelos permanentemente actualizados.

Artigo 7. *Formato.*

Os datos rexistrados de cada un dos dominios do servizo europeo de telepeaxe en España e os datos rexistrados de cada un dos provedores do servizo europeo de telepeaxe a que se refire o artigo 4 deberán presentarse en formato e soporte electrónico, autenticados mediante a sinatura electrónica da persoa que solicita a inscrición, de acordo coas normas que para tal fin establece a unidade encargada do rexistro.

CAPÍTULO II

Datos relativos aos dominios do servizo europeo de telepeaxe en España

Artigo 8. *Datos relativos aos dominios do servizo europeo de telepeaxe.*

Os datos de cada un dos dominios en que estea dispoñible o servizo europeo de telepeaxe en España son os seguintes:

a) Datos rexistrados:

– Denominación ou razón social e domicilio social do correspondente perceptor da peaxe.

– Tipo de entidade e forma xurídica.

– Datos de inscrición no rexistro mercantil.

– Denominación, domicilio social e Estado onde se encontren rexistrados os provedores do servizo europeo de telepeaxe que teñan asinados contratos co perceptor de peaxe do dominio en cuestión.

b) Datos contextuais da peaxe:

– Réxime xeral da peaxe.

– Criterios e parámetros de clasificación de vehículos.

– Cadro de tarifas en vigor ou enlace á páxina web en que figuren as tarifas actualizadas.

– Diagrama esquemático da autoestrada, ponte ou túnel con indicación dos puntos ou barreiras de peaxe, así como dos accesos e enlaces dentro de cada treito, xeorreferenciados cando os sistemas de percepción da peaxe se baseen en sistemas satelitares.

– Tecnoloxías de telepeaxe utilizadas polo perceptor nas vías afectas ao servizo europeo de telepeaxe.

– Enlace á páxina web en que figure a declaración do dominio do servizo europeo de telepeaxe.

c) Declaración de conformidade dos compoñentes de interoperabilidade utilizados polo receptor coas especificacións técnicas do servizo europeo de telepeaxe.

CAPÍTULO III

Datos relativos aos provedores do servizo europeo de telepeaxe aos cales se lles concedese a inscrición no Rexistro Electrónico Nacional do Servizo Europeo de Telepeaxe en España

Artigo 9. *Contido.*

Os datos correspondentes aos provedores do servizo europeo de telepeaxe, aos cales se lles concedese a inscrición no Rexistro Electrónico Nacional do Servizo Europeo de Telepeaxe en España de acordo co disposto no artigo 4, serán os seguintes:

a) Datos rexistrados:

- Denominación ou razón social, e domicilio social do provedor.
- Tipo de entidade e forma xurídica.
- Nacionalidade.
- Datos de inscrición no rexistro mercantil.

b) Datos técnicos:

- Balance e conta anual de resultados.
- Administradores ou órganos de administración.
- Mantemento dun programa global de xestión do risco auditado polo menos cada dous anos e conclusións desa auditoría.
- Dispoñibilidade dos equipamentos técnicos necesarios para a prestación do servizo e da declaración CE ou dun certificado que testemuñe a conformidade dos compoñentes de interoperabilidade.
- Certificación EN ISO 9001 ou equivalente.
- Relación pormenorizada dos dominios cos cales ten subscritos contratos de provisión do servizo (declaración anual).
- Política de contratación para cos usuarios do servizo europeo de telepeaxe.

Disposición adicional única. *Cláusula de non incremento do gasto público.*

As previsións contidas nesta orde ministerial non suporán incremento de gastos de persoal por ningún concepto e levaranse a cabo cos medios persoais dispoñibles nas administracións públicas competentes.

Disposición derradeira primeira. *Cumprimento do dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde dáse cumprimento ao disposto nos artigos 3 e 19 da Decisión 2009/750/CE da Comunidade Europea, do 6 de outubro, relativa á definición do servizo europeo de telepeaxe e os seus elementos técnicos.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 12 de abril de 2013.–A ministra de Fomento, Ana María Pastor Julián.